

**BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DEMO DAY CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DEPOEMPRENDE 2019-2020. MODALIDADE DO PROXECTO: "DEPOEMPRENDE NA FP"****ANTECEDENTES**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, pon en marcha o programa "DepoEmprende" 2019-2020 segundo a convocatoria publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) 103, no 31 de maio de 2019. Esta convocatoria diríxese aos centros da provincia de Pontevedra de educación primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria e formación profesional que están sostidos con fondos públicos e dependen da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para participar nos diferentes proxectos que acolle o programa: "DepoEmprende na escola", "DepoEmprende na ESO" e "DepoEmprende na FP" (convocatoria 2019-2020).

O proxecto "DepoEmprende na FP" diríxese aos centros educativos que imparten formación profesional de grao medio e grao superior. A finalidade é promover no alumnado a iniciativa emprendedora, tanto no ámbito empresarial coma no autoemprego, así como a actitude necesaria para asumir riscos e responsabilidades. A metodoloxía proposta baséase en que un grupo de alumnas e alumnos estude e elabore un proxecto empresarial dun sector que estea relacionado coa familia profesional do ciclo formativo que curse. O reto supón que, ademais de ter que elaborar un proxecto empresarial, saiban xestionalo e adaptarse a diferentes situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, ademais de participar de forma activa na vida económica, social e cultural do seu contorno, con actitude crítica e responsable.

Con este fin, e replicando a actividade realizada en convocatorias pasadas, convócase unha nova edición dos Premios Demo Day, cuxo obxectivo é promover o lanzamento de proxectos emprendedores impulsados polo estudantado de formación profesional, a través dun proceso participativo, competitivo e secuencial que permita identificar e apoiar proxectos con potencial desenvolvemento.

**BASES****Primeira. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria dos Premios Demo Day que se desenvolve no marco do programa "DepoEmprende" 2019-2020, na modalidade "DepoEmprende na FP".

## Segunda. Centros educativos destinatarios

Esta convocatoria está dirixida aos centros educativos de FP da provincia de Pontevedra participantes no proxecto "DepoEmprende na FP" 2019-2020:

1. **CIFP Manuel Antonio:** avenida de Madrid, s/n, 36214 Vigo
2. **IES Indalecio Pérez Tizón:** avenida da Concordia, s/n, 36700 Tui
3. **CPR Daniel Castelao:** avenida de García Barbón, 48, 36201 Vigo
4. **CPR San Miguel:** rúa de Tomás A. Alonso, 13, 36208 Vigo
5. **EFA A Cancela:** lugar de Tortoreos, s/n, 36449 As Neves
6. **IES Johan Carballeira:** rúa de Staffan Morling, 4, 36930 Bueu
7. **IES Montecelo:** avenida de Montecelo, 16, 36161 Pontevedra
8. **CIFP Carlos Oroza:** avenida de Montecelo, 16, 36161 Pontevedra
9. **IES de Rodeira:** avenida de Ourense, 36940 Cangas
10. **IES Plurilingüe Terra de Turonio:** avenida do Campo da Feira, s/n, 36380 Gondomar

## Terceira. Número de proxectos que se poden presentar categorías e programa de "Aceleración de proxectos"

3.1. Os centros educativos participantes no proxecto "DepoEmprende na FP" 2019-2020 poderán presentar as ideas e proxectos impulsados polo alumnado participante neste marco.

3.2. Cada un dos centros educativos participantes poderán presentar **como máximo dous proxectos** de entre os desenvoltos no marco do proxecto "DepoEmprende na FP" 2019-2020, e corresponderalle **exclusivamente** ao centro educativo a selección destes, sempre cumprindo cos criterios que se sinalan na base sétima e os prazos que se sinalan na base sexta, así como os establecidos nesta base.

No caso de que un centro educativo participe no proxecto "DepoEmprende na FP" cos ciclos formativos de grao medio (GM) e grao superior (GS) simultaneamente, poderá seleccionar como máximo dous proxectos de grao medio, dous de grao Superior, ou un proxecto de cada grao; nesta circunstancia deberase valorar positivamente que ambos graos teñan a oportunidade de participar no acto.

3.3. Atendendo ao establecido polo Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia e tendo en conta que os centros participantes de FP pertencen a diferentes familias profesionais, diferenciaranse **dúas categorías de proxectos**, distinguindo o alumnado que pertencen a grao medio ou grao superior.

3.4. Para que poidan concorrer ás dúas categorías (GM e GS), **establécese un número mínimo de 6 proxectos a presentar en cada unha delas**. No caso de que nalgunha das categorías non se alcanzase o número mínimo de proxectos presentados, establecerase unha única categoría na cal concursarán todos os proxectos por igual e cos mesmos criterios de valoración, independentemente de pertencer a GM ou a GS.

3.5. Unha vez os centros educativos seleccionen os proxectos que se presentarán nos Premios Demo Day, a Deputación de Pontevedra, mediante o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, organizará un programa intensivo de apoio e asesoramento a proxectos denominado “Aceleración de proxectos” nos meses de febreiro e/ou marzo de 2020, nas datas que determine a Deputación de Pontevedra. Os centros educativos estarán obrigados a:

- a) Participar en todas as actividades de formación e mentorización, así como na presentación dos Premios Demo Day e noutras actividades que propoña a Deputación de Pontevedra no marco do proxecto “DepoEmprende na FP” 2019-2020.
- b) Desenvolver con aproveitamento as sesións de asesoramento, cumprir o calendario de actividades e participar de maneira activa no programa intensivo.
- c) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera incidencia que poida afectarlle de xeito significativo ao desenvolvemento do proxecto ou actuación.

3.6. O incumprimento das obrigas citadas nesta base dará lugar á perda da condición de participante nesta edición dos Premios Demo Day.

#### **Cuarta. Premios e orzamento**

4.1. De entre os proxectos presentados nos Premios Demo Day premiaranse os mellores segundo as cualificacións do xurado, atendendo aos criterios establecidos na base oitava, e distribuindo os premios da seguinte maneira:

- Categoría de Grao Medio: seleccionarase un único proxecto gañador
- Categoría de Grao Superior: seleccionarase dous proxectos gañadores

4.2. No caso de non alcanzarse o número mínimo de proxectos presentados nas diferentes categorías, que serán como mínimo 6 de acordo coa base 3.2., todos os proxectos concursarán por igual e o xurado deberá seleccionar dous como gañadores de entre todos os expostos nos Premios Demo Day.

4.3. Os premios están dotados cun importe total de mil novecentos euros (1.900,00 €) que se repartirán da seguinte maneira:

- Categoría de Grao Medio:
  - Un único premio, dotado con 700,00 €
- Categoría de Grao Superior:
  - Un primeiro premio, dotado con 700,00 €
  - Un segundo premio, dotado con 500,00 €

- No caso de que non se alcance o número mínimo e concursen tódolos proxectos por igual estableceranse dous premios:
  - Un primeiro premio, dotado con 700,00 €
  - Un segundo premio, dotado con 500,00 €

4.4. O desembolso da contía das dotacións dos premios será a cargo á aplicación orzamentaria 20/240.2410.489.00, que ascende a 1.900,00 €.

#### **Quinta. Procedemento de presentación de solicitudes**

5.1. Os centros educativos participantes no proxecto "DepoEmprende na FP" 2019-2020 deberán inscribirse para participar nos Premios Demo Day obrigatoriamente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

5.2. Admitirase só unha solicitude por cada centro educativo participante na modalidade do proxecto "DepoEmprende na FP".

5.3. Revisadas todas as solicitudes, publicarase no BOPPO a lista de solicitudes admitidas e excluídas.

#### **Sexta- Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO e rematará o 28 de febreiro de 2020.

#### **Sétima. Requisitos para a presentación de proxectos**

7.1. Os proxectos presentados deberán ser orixinais, entendendo por orixinal aquel que non foi copiado, reproducido, nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior.

7.2. Quedarán excluídos aqueles proxectos que fosen premiados noutros certames ou convocatorias na data da presentación da solicitude.

7.3. As candidaturas deberán facilitar no formulario a información requirida relacionada co proxecto, tal e como se indica a continuación:

- a. Nome do centro
- b. Nome do proxecto
- c. Número de persoas que participan e nomes e apelidos do alumnado
- d. Nome da persoa docente/titora do proxecto no centro educativo
- e. Denominación do ciclo formativo e da familia profesional, especificando se pertence a FP de grao medio ou de grao superior

7.4. Xunto coa solicitude, deberase presentar para cada proxecto a seguinte documentación:

- Proxecto empresarial completo en formato PDF
- Ficha resumo do proxecto (anexo I)

7.5. Unha vez revisadas polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, as solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non serán admitidas a trámite e ditarase a oportuna resolución.

As solicitudes admitidas remitiráselle ao xurado en datas anteriores á celebración dos Premios Demo Day, que examinará e valorará os diferentes proxectos.

#### **Oitava. Criterios de selección de proxectos premiados**

Os criterios para a valoración dos premiados por parte do xurado para a determinación dos premios en cada unha das categorías serán os seguintes:

- Valoración do proxecto: **70 %**
  - Innovación: 20 %; valorarase a parte innovadora do proxecto nos seus aspectos técnicos e/ou no seu modelo de negocio.
  - Contribución social do proxecto: 10 %
  - Solidez e viabilidade do proxecto: 30 %
  - Estratexia comercial: 10 %
- Presentación (calidade, claridade e argumentación): **30 %**

#### **Novena. Lugar , data e desenvolvemento dos Premios Demo Day**

9.1. O acto dos Premios Demo Day terá lugar no mes de marzo de 2020, no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra ou no lugar que se considere para tal efecto, en horario de mañá, e terá unha duración aproximada de tres horas.

9.2. Neste acto realizarase a presentación dos proxectos que serán valorados polo xurado co fin de determinar os premiados, atendendo aos criterios establecidos na base oitava, e redactará a proposta de resolución, que quedará recollida nunha acta.

9.3. O xurado estará formado por:

- Persoas representantes da Deputación de Pontevedra
- Persoas representantes do sector empresarial
- Unha persoa representante da entidade Forox Innovación (empresa adxudicataria da asistencia técnica do programa DepoEmprende 2019-2020)

O xurado presidirao a deputada delegada de Promoción Económica e Emprego ou a persoa en quen delegue. Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

9.4. O acto dos Premios Demo Day será público e retransmitido a través da páxina web de Deputación de Pontevedra e nas diferentes redes sociais; así mesmo, invitarase a prensa local e provincial, que poderá facer fotografías e vídeos.

#### **Décima. Proxectos premiados e non premiados**

10.1. Nos Premios Demo Day daranse a coñecer os proxectos gañadores.

10.2. Os centros educativos gañadores deberanlle achegar á Deputación de Pontevedra a certificación do número de conta bancaria no cal se ingresará o importe de cada un dos premios.

#### **Décimo primeira. Incumprimento das bases**

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto con posterioridade á resolución do concurso e o proxecto afectado fose premiado, o premio obtido quedará sen efecto ou procederase, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas por tal concepto.

#### **Décimo segunda. Propiedade intelectual dos proxectos**

Todas as persoas que concorran a esta convocatoria recoñecen o seu dominio do título e lexitimación suficiente sobre os contidos incluídos nas ideas manifestando non infrinxir ningún dereito de propiedade intelectual ou calquera outro dereito que poida ostentar calquera terceiro en España ou non estranxeiro sobre os contidos e, eximindo á Deputación de Pontevedra de calquera responsabilidade relativa ao uso dos citados contidos.

En todo caso, os participantes asumen baixo a súa exclusiva responsabilidade as consecuencias de danos e perdas derivadas do uso dos contidos incluídos nas súas ideas, así como a súa reprodución, difusión ou distribución. Deste xeito, ningunha responsabilidade alcanzará a Deputación de Pontevedra no caso de que a idea ou proxecto que se propón ou calquera dos documentos presentados polas persoas

solicitantes ou participantes vulnere dalgún modo os dereitos de terceiras persoas en materia de propiedade intelectual, industrial ou de calquera índole.

#### **Décimo terceira. Protección e cesión de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

#### **Décimo cuarta. Interpretación, modificación e suspensión das bases**

A Deputación de Pontevedra estará facultada para interpretar e resolver as dúbidas que poidan suscitar as bases desta convocatoria. O órgano competente para aprobar estas bases poderá modificalas, suspender a convocatoria do programa ou declarar as vacantes que considere oportunas.

En todo o non previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para ese efecto.

#### **Décimo quinta. Aceptación das bases**

A participación nesta convocatoria implica o coñecemento e a aceptación incondicional destas bases reguladoras, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación de Pontevedra.

O feito de participar nestes premios supón a autorización das persoas participantes para expoñer, difundir e publicitar a imaxe e os proxectos presentados por calquera medio que se xulgue oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do R. d. l. 1/1996, de 12 de abril, pola que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nestas bases e só a Deputación, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, estará facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación, ademais de para decidir a suspensión dunha das especialidades no caso de que non haxa unha participación mínima de seis proxectos por categoría.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraa o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Pontevedra, 27 de xaneiro de 2020

O xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local